

EXPEDIENTE: 211/2022/525

ACTA DA 7ª MESA DA CONVOCATORIA DE ASIGNACIÓN DE USOS DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS PARA ADESTRAMENTOS DEPORTIVOS DURANTE A TEMPADA 2022/2023

No Palacio dos Deportes de Riazor na sala de reunións sendo as 12.00h do día 14 de febreiro de 2023, están presentes na Mesa de Avaliación das solicitudes as seguintes persoas:

Presidenta: María Teresa Vázquez Portos, xefa do departamento do Servizo Municipal de Deportes

Vogais: Antonio Pedraz Pollo, director de instalación deportivas municipais, Pablo Chacón Souto e Alexandre Fernández Fernández, técnicos superiores deportivos do Servizo Municipal de Deportes.

Secretaria: Lorena Andrade Fernández, auxiliar do Servizo Municipal de Deportes.

A Mesa reúnese para atender o seguinte orde do día:

1. Aceptación desestamentos de uso concedido
2. Avaliación das novas solicitudes

Emítase este informe sobre a valoración das solicitudes presentadas que son as seguintes:

CLUB TRIATLÓN CORUÑA

En data 09.01.2023, recíbese solicitude con código identificador RMPE170120 solicitando o uso da piscina municipal de Riazor os martes en horario de 20:15 a 21:15; deberíase **de proceder a estimar a súa solicitude**

CLUB VIAXES AMARELLE FS

En data 16.01.2023, recíbese solicitude con código identificador RMPE1702AE solicitando a renuncia do Polideportivo IES Puga Ramón os venres de 20.00-22.00h e o uso dunha instalación deportiva municipal os mércores ou xoves no mesmo horario ; debería de **procederse a aceptar a renuncia e desestimar a nova solicitude.**

ASOCIACIÓN DE FUTBOL AFICIONADO DE LA CORUÑA

En data 18.01.2023, recíbese solicitude con código identificador RMPE1702QN no que solicita a renuncia ó campo 5 da CD A Torre Arsenio Iglesias os días martes e venres de 18.00-19.00h; debería de **procederse a aceptar a renuncia**

CORUÑA ARBOCO CF

En data 19.01.2023, recíbese solicitude con código identificador RMPE170325 solicitando a renuncia do campo 4 da CD A Torre Arsenio Iglesias os xoves de 22.00-23.30h e o uso do campo San Pedro de Visma os xoves de 16.30-18.00h; **deberíase de proceder a aceptar a renuncia i estimar a nova solicitude**

CLUB MARINEDA ATLÉTICO

En data 19.01.2023, recíbese solicitude con código identificador RMPE1702VU solicitando o uso do ximnasio musculación sala atletismo do Palacio de deportes de Riazor os martes e xoves de 16 h a 17.30 h; **deberíase de proceder a estimar a súa solicitude**

HOCKEY CLUB LICEO

En data 24.01.2023, recíbese solicitude con código identificador RMPE170409 solicitando o uso da pista central do Palacio dos Deportes de Riazor os luns de 21.00h a 23.00h; **deberíase de proceder a estimar a súa solicitude**

CLUB SILVA S.D

En data 07.02.2023, recíbese solicitude con código identificador RMPE17072J solicitando o uso dos polideportivos IES Puga Ramón os xoves de 18.30-20.00h e o IES Rosalía Mera os xoves de 19.00-20.00h; **so se atender a solicitude de uso do polideportivo IES Rosalía Mera**

REAL INSTITUCIÓN BENÉFICO SOCIAL PADRE RUBINOS

En data 14.02.2023, recíbese solicitude con código identificador RMPE1708HE solicitando o uso do polideportivo municipal Labañou, os luns de 16.00 a 17.30; **deberíase de proceder a estimar a súa solicitude**

Sendo as 13.38h levántase a reunión estendendo a presente acta para a súa constancia

A secretaria da Mesa



Lorena Andrade Fernández